

4 Redución de emisións na explotación (art. 12)

(a partir do 01/06/2023 se non hai modificación estrutural e do 01/01/2024 se supón unha modificación estrutural)

1. As explotacións avícolas de galiñas, polos de carne e pavos de nova instalación, cunha capacidade máxima superior a 55 UGM deberán:

- Utilizar unha estratexia nutricional e unha formulación de pensos que permitan reducir o contido de proteína bruta da alimentación e administrar unha alimentación multifase.
- Adoptar unha técnica ou unha combinación de técnicas que permitan a redución de gases á atmosfera en, polo menos, un **60 %** con respecto á técnica de referencia.

2. As explotacións existentes antes da publicación deste real decreto, de galiñas, polos de carne e pavos, cunha capacidade máxima superior a 55 UGM, deberán:

- Utilizar unha estratexia nutricional e unha formulación de pensos que permitan reducir o contido de proteína bruta da alimentación e administrar unha alimentación multifase dependendo dos diferentes requisitos nutricionais segundo a etapa produtiva.
- Adoptarse unha técnica ou unha combinación de técnicas que permitan a súa redución en, polo menos, un **30 %** con respecto á técnica de referencia.

5 Rexistro de Melloras Técnicas Disponibles-MTD (Aplicación Ecogan) (art. 13) (a partir do 01/07/2022)

Compilación das MTD utilizadas por cada explotación para a redución de emisións de gases contaminantes e de gases de efecto invernadoiro.

- O rexistro de explotacións avícolas actualízase coa notificación anual das MTD polo titular da explotación.
- As comunidades autónomas remitiranlle eses datos ao Ministerio de Agricultura e servirán de base para a elaboración do **informe anual sobre a evolución de emisións** do sector avícola.



Máis información

sobre Ecogan:

<https://mediorural.xunta.gal/es/temas/explotaciones/ecogan>



Información xeral

sobre o sector:

<https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/produccion-y-mercados-ganaderos/sectores-ganaderos/>



Explotacións intensivas de avicultura

Plan de produción e xestión de esterco

Normativa de aplicación

Normas básicas de ordenación das granxas avícolas.
(RD 637/2021, do 27 de xullo)

OFICINA XUNTA DE GALICIA	ENDEREZO	TELÉFONO/FAX
SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE PONTEVEDRA	Rúa Fernández Ladreda 36003 Pontevedra	T: 986 805 446 / 986 806 554 Fax: 986 805 406
SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DA CORUÑA	Rúa Vicente Ferrer nº 2 15008 A Coruña	T: 981 182 579 / 981 184 548 Fax: 981 184 474
SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE LUGO	Ronda Muralla 70 27071 Lugo	T: 982 294 459 / 982 889 247 Fax: 982294808
SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE OURENSE	Rúa Florentino L. Cuevillas 32003 Ourense	T: 988 386 687 / 988 386 571 Fax: 988 386 482
SERVIZO DE SANIDADE E PRODUCCIÓN VEXETAL SANTIAGO DE COMPOSTELA	Rúa dos Irmandiños s/n 15701 Santiago de Compostela	T: 881 997 443 / 981546799 Fax: 881 997 442

Aspectos máis relevantes da normativa



1 Condicións sobre localización e separación sanitaria para novas instalacións (art. 8)

- Distancia mínima de **500 metros** con respecto ás explotacións avícolas xa existentes ou establecementos ou instalacións que poidan representar un risco hixiénico-sanitario.
- Distancia aos **almacéns de esterco de explotacións de recría de aves de cría ou reprodutoras e explotacións de multiplicación 1.000 metros**; e no caso das de selección, esta distancia deberá aumentar ata os **2.000 metros**.
- Distancia para a **aplicación ao terreo de esterco, xurros ou lodos** de depuradora, respectarase a **distancia de 100 metros** con **calquera explotación**, excepto coas de selección, multiplicación e recría de aves de cría ou reprodutoras, en que serán **200 metros**, salvo que proceda da propia explotación.
- Con carácter excepcional, a autoridade competente **poderá autorizar, como máximo, unha redución do 10 %** en atención á orografía do terreo, á orientación dos ventos dominantes e ás condicións de bioseguridade das instalacións, e se as medicións sobre o terreo superan en máis dun 30% as medicións sobre plano e existan barreiras naturais ou accidentes do terreo que minimicen os riscos de difusión de enfermidades, a autoridade competente poderá reducir nun **10 % de maneira adicional**.

2 Sistema integral de xestión (SIXE) (art. 9)

Todas as explotacións avícolas, incluídas as existentes, contarán cun **SIXE**, actualizable cada **5 anos** e, en calquera caso, sempre que a explotación modifique substancialmente as súas instalacións ou prácticas de manexo.

O SIXE contará cun **Plan de produción e xestión de esterco**, que incluirá:

- **Un sistema de recollida** e instalacións previstas para o almacenamento dos esterco.
- **A produción anual estimada** de esterco.
- **Unha descrición da xestión prevista para os esterco**, sinalando a contía dos que se destinarán directamente á valorización agronómica e as contías dos que se destinarán a unha instalación de tratamento autorizado.
- **A superficie agrícola ou forestal para a utilización dos esterco polo produtor** e a identificación das parcelas destinatarias, así como a identificación dos operadores autorizados aos cales se entregase o esterco ou, se for o caso, as **instalacións de tratamento autorizadas de destino** dos esterco.



3 Xestión de esterco na explotación (art. 11)

De aplicación a **todas as explotacións avícolas**. O titular da explotación é o **responsable da correcta xestión dos esterco**.

- O almacen de esterco deberá estar **coverto, soleira impermeabilizada, sistema de recollida de lixiviados** para o seu correcto tratamento. A capacidade de almacenamento deberá ser **suficiente e adecuada**, con estruturas que eviten o risco de **filtración e contaminación**.
- Poderase **manipular o esterco na propia explotación**, sen que implique mestura de esterco doutras explotacións.

Os titulares das explotacións xestionarán os esterco mediante algún dos seguintes procedementos:

1. Valorización agronómica

- Respectando o Regulamento do Dominio Público Hidráulico ou os Plans Hidrolóxicos de Conca en canto á **distancia ás augas**.
- Dispor de **superficie agrícola suficiente, propia ou concertada**, individualmente para cada explotación ou ben cun programa de xestión común para varias explotacións, logo de autorización do órgano competente. A cantidade de esterco axustarase ao RD 47/2022.
- Aplicación **directa** ao terreo

2. Entrega a un operador autorizado acreditando a entrega mediante:

- O correspondente **contrato**
- O **registro** de entregas á instalación
- O arquivo dos **documentos** comerciais (normativa SANDACH ou de residuos)